



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

*Centro Público Integrado "Manuel Suárez Marquier"*

Cumieira de Arriba, s/n  
36.770 – O ROSAL (Pontevedra)  
Código: 36.013.576 - CIF: Q-8.655.374-J  
Tlf.: 886120385 - Fax: 886120397  
e-mail: cpi.suarez.marquier@edu.xunta.es



## **PAUTAS ORGANIZATIVAS PARA ESCOLARES E FAMILIAS (CRISIS CORONAVIRUS)**

***Departamento de Orientación – CPI Manuel Suárez Marquier***

**A**nte a situación de obriga do peche dos Centros Educativos coa finalidade de evitar posibles contaxios ante o virus e coa consecuencia do obrigado confinamento dos escolares nos seus fogares, **as familias deberán organizarse ante esta excepcional situación**, de maneira que este confinamento non repercuta negativamente na evolución académica, emocional e persoal do alumnado. Por elo, dende o CPI Manuel Suárez Marquier, suxerimos unha **serie de pautas a seguir**, coa finalidade de poder normalizar, na medida do posible, esta situación, de xeito que poidamos entre tod@s darlle continuidade á actividade formativa do noso alumnado e non xrear cadros de ansiedade ou pasividade no alumnado.

**Non debemos olvidar que esta situación non debe ser considerada un período vacacional,** xa que tanto o profesorado como o alumnado seguirán exercendo a súa actividade académica e docente, aínda que sexa nunha ubicación diferente.

Polo tanto, será necesario por parte das familias, organizarse nos fogares (organización que debería de ser consensuada entre todos os membros da unidade familiar) de maneira que dita organización sexa o máis produtiva posible para o alumnado, tanto na realización de tarefas escolares encomendadas polo profesorado dende a Plataforma dixital na páxina web do centro ou por medio do teléfono móbil como no tempo de estudo e de lecer, dándolle continuidade á formación integral mediante actividades como: tocar un instrumento musical, xogos de mesa, elaboración de receitas, diversas lecturas, colaborar nas tarefas domésticas...).

## PAUTAS RECOMENDADAS

- ✓ **En primeiro lugar, deberíase consultar a Plataforma da Páxina Web do Centro ou por medios telefónicos por parte dos titores/as, para comprobar as actividades que cada profesor/a encomenda ao seu alumnado.** Están especificadas por curso, polo que cada alumn@ consultará as do seu nivel. Hai mestres/as e profesores/as que xa acordaron co seu alumnado o material que deben realizar, e xa o levaron para casa. Outros/as utilizarán outras vías habituais con eles (grupos de wassap, por exemplo).
- ✓ **Horarios e rutinas: O ideal sería manter a rutina que ata o de agora tiñan os nen@s nestes días de confinamento (evitando situacións de preocupación e ansiedade nos mesm@s).** A rutina que estaban levando á práctica podese manter, coa salvedade de que as horas de estudo e a realización das tarefas académicas se fará nos fogares. Sería conveniente entre todos organizar o tempo e o espazo en función das necesidades coas que cada familia se encontre, polo que sería recomendable que a planificación do horario sexa pactada entre tod@s, para que sexa viable e se cumpra.
- ✓ **Recomendamos á hora de elaborar un horario,** que as horas da mañá estén orientadas ao estudo e repaso dos temas que se están impartindo no Centro ou dos temas que o profesorado recomende ver (xa que os nen@s nestas horas están máis receptivos) e pola tarde a tarefas e actividades encomendadas, lectura libre e actividades de lecer e domésticas.

- ✓ **É importante que o alumnado non perda o hábito de estudo e da lectura nestes días**, xa que son actividades que deben fomentar cada ano máis, para conseguir no alumnado unha axeitada formación integral e que se sintan cada vez mellor con eles mesmos, máis seguros e autónomos no seu proceso formativo.
- ✓ **Nestes repasos (entre 2-3 horas diarias) sería recomendable que o alumnado levase á práctica todos os consellos que se lle deron nas charlas de Técnicas de estudo;** anotar dúbidas para preguntarllas ao seu profesorado, utilizar as diversas técnicas de estudo das que falamos nas charlas (esquemas, acrósticos, mapas conceptuais, resumes...).
- ✓ **É unha ocasión excelente para repasar contidos das diversas materias/áreas que máis lles custa entender e asimilar**, polo que o alumnado, coa axuda do seu profesorado e das súas familias, debería reforzar todos aqueles contidos que máis dúbidas lle xeneren, anotalas e preguntarllas ao profesorado.
- ✓ **Recomendamos que as sesións de estudo, se fagan nas primeiras horas da maná: 2-3 horas** (xa que nestas horas procesan mellor a información e están máis receptivos), descansando entre 15-30 minutos, dependendo do nivel do que falemos, de maneira que non se agobien e poidar reter a información de maneira máis axeitada.
- ✓ **A realización dos deberes, traballos e actividades que se lle encomendan dende a Plataforma polo seu profesorado, recomendase que se fagan despois do xantar**, despois dun breve descanso de 30 minutos, debido a que é un momento no que comezada a dixestión, necesitando realizar algunhas actividades de nivel práctico, xa que a súa capacidade atencional é menor ca das primeiras horas da mañá, polo que é un momento ideal para a realización destas actividades que requiren menor nivel de concentración.
- ✓ **Polas tardes e despois de realizar as actividades encomendadas polo seu profesorado, sería interesante intercalar actividades de diversa índole como poderían ser; manualidades (para os máis pequenos), xogos de mesa, xogo simbólico (para os máis pequenos), lecturas diversas, elaboración dalgunha receita, practicar algún instrumento musical, escoitar música, ver documentais didácticos ou algunha película....).**
- ✓ **Así mesmo, recomendase todos os días, 30 minutos como mínimo de lectura ou escritura, de cara a reforzar estas habilidades, tan necesarias para o seu correcto desenvolvemento académico, xa que moito alumnado ten carencias neste senso,**

polo que este período sería unha excelente oportunidade para reforzar estas habilidades, non soamente as lectoras, senón tamén as caligráficas e as de ortografía:

- Para todo o alumnado (teña ou non dificultades no proceso lector): sería recomendable un tempo para o fomento da lectura (entre 30 e 60 minutos diarios), dependendo das necesidades.
  - Para o alumnado que teña mala caligrafía: Deberían realizar as fichas que se lle aportaron aos titores/as para esta finalidade (en caso de non ter estas fichas, pódense baixar modelos de Internet).
  - Para o alumnado que teña moitas faltas de ortografía: Repasar os contidos de gramática e ortografía que están nos libros das Línguas e facer exercicios ao respecto.
- ✓ **Tamén sería recomendable implicar ao alumnado nas tarefas domésticas**, xa que fomentan a responsabilidade e a autonomía, non soamente polo feito de ser didácticas e rechamantes para o alumnado, senón que polo feito de facelas, o alumnado sentiráse útil, reforzando a súa autoestima.
- ✓ **Recoméndase tamen ás familias actuar cos seus fill@s coa maior naturalidade posible, non falando en todo o momento deste virus**, xa que isto podería xerar ansiedade e temor polo que poida acontecer ante esta situación.

**DAMOS AS GRAZAS A TODAS AS FAMILIAS POLA SUA COLABORACIÓN, DESEXANDO QUE ESTA SITUACIÓN SE NORMALICE O ANTES POSIBLE.**

**UN CORDIAL SAÚDO E MOITO ÁNIMO DE TODO O PERSOAL DO CPI MANUEL SUÁREZ MARQUIER.**